

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SEIS DE MARZO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día seis de marzo de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de febreiro do ano que andamos, que logo de corrixir no apartado de facturas, onde di “Factura nº 68 de Sociser Galicia, S.L por prestación do servizo de axuda no fogar a dependentes no mes de xaneiro. Importe 10.709,96 euros”, por “Factura nº 68 de Sociser Galicia, S.L por prestación do servizo de axuda no fogar a dependentes no mes de xaneiro. Importe 9.614,84 euros”, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201200000000071 de don Florencio Moreno García.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Roelle, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 29.630,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do

sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na citada Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (240,00 m2).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos noventa e dous euros con sesenta céntimos (#592,60#)

2.2.- Instancia núm. 201200000000226 de dona Porcina Pereira Queiroz

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con base de formigón, de aproximadamente 31 m. de lonxitude, no lugar de Vista Alegre, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m de distancia dende o vial; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m. e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezanove euros con vinte e nove céntimos (#19,29#)

2.3.- Instancia núm. 201200000000218 de don José Julio Vasquez Canicoba.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que con data 11/11/2008 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Caxaraville nº 7, (licenza número 121/08), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90#) euros, xa ingresadas nas arcas municipais.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión na situación de fóra de ordenación total de vivenda

3.1.- Escrito núm. 1.987/11 de don Jesús Moruja González

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Ponte Ulla, solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para a súa vivenda

situada no lugar de Figueiredo nº 8, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Diego Bra Carro.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fora de ordenación total a vivenda situada no número 8 do lugar de Figueiredo -Ponte Ulla.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos setenta e seis euros con sesenta e oito céntimos (#1.776,68#)

4º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a contratación do servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos, consistente na atención e mantemento do albergue de peregrinos de Outeiro -Vilanova, mediante procedemento negociado sen publicidade.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

5º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións á Deputación Provincial

Dáse conta da convocatoria de subvencións da Deputación Provincial destinadas a concellos para o ano 2012 (BOP núm. 35/12, do 20 de febreiro)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar subvencións para os seguintes programas:

	PROGRAMA
DEPORTE	ACTIVIDADE XERAL INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DEPORTIVO
CULTURA	ACTIVIDADE XERAL INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO CULTURAL ANIMADORES CULTURALS
SERVIZOS SOCIAIS	MANTEMENTO (PREVENCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL) PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DAS PERSOAS MAIORES
PROMOCIÓN ECONÓMICA	ACTIVIDADE XERAL INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO
POLÍTICAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	MANTEMENTO DA ACTIVIDADE

6º.-Dar conta de Resolucóns da Alcaldía

6.1.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda comunicarlle a don Jesús Vázquez Calvo que non procede iniciar actuacións en relación cos feitos denunciados ao quedar clarexado que o cerramento obxecto do expediente (Argunte -San Mamede de Ribadulla) non ocupa un vial municipal.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de febreiro do ano que andamos, pola que en relación co expediente instruído por mor do vial invadido por ramas e árbores procedentes da parcela nº 525 do plano do acordo de parcelaria de Vilanova - Merín , acórdase desestimar as alegacións presentadas por don Manuel Cabo Silva e incoar expediente para a imposición de multas coercitivas ata o cumprimento do ordenado na Resolución da Alcaldía de data 19/12/2011 polo importe de trescentos (#300,00# euros).

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Convenio de colaboración entre o Concello de Vedra e RAMSA

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Vedra e Rocas, Arcillas e Minerales, S.A (RAMSA), no que se expón que a normativa urbanística do documento refundido do PXOM de Vedra establece no seu artigo 70 a obrigatoriedade de redactar un *Plan Especial de protección, ordenación e restauración da Serra de Caldelas (PE-2)*, quedando practicamente a totalidade do seu ámbito dentro das 14 cuadrículas mineiras outorgadas en concesión a RAMSA (862 Has).

Dado que RAMSA é titular de máis do 50% dos terreos, está lexitimado de acordo co establecido no artigo 83 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para formular o citado plan como iniciativa popular, polo que acordan:

Primeiro.- O Concello de Vedra, segundo o establecido no art. 79 da Lei 9/2002, autoriza a RAMSA a formular o PE-2, debendo a citada entidade asumir todos os custos da súa redacción e tramitación.

Segundo.- O Concello de Vedra impulsará e axilizará a tramitación do citado Plan Especial (PE-2).

Terceiro.- O Concello de Vedra, baseándose na documentación preparada por RAMSA, solicitaralle ao Órgano Ambiental da Xunta de Galicia, a exención de someter o Plan Especial 2 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

7.2.- Escrito núm. 259/12 do CEIP Ortigueira

Dáse conta do citado escrito no que don Jaime Furelos Vázquez, en calidade de director do CEIP Ortigueira expón que o vindeiro 15 de maio o concello organiza a tradicional excursión de fin de curso, á *granxa escola Apipolis* en Xeve-Couso (Pontevedra), polo que solicita que como vén sendo habitual o concello poña á súa disposición dous autobuses para a citada viaxe.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.3.-Modificación *regulamento escola infantil*

O regulamento da escola infantil establece no Capítulo VIII.- *Réxime de cobramento-Tarifas*, que o baremo de aplicación para o cobro dos servizos será o publicado pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado a través do Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos nos centros de atención á primeira infancia dependentes de dita Consellería (DOG. núm. 52, do mércores 13 de marzo) e as súas modificacións posteriores.

Os prezos serán os establecidos no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro.

Visto o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se aproba o réxime de prezos nas escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes desta Consellería (DOG, nº 17/12, do 25 de xaneiro) , a Xunta de Goberno acorda aprobar os citados prezos para o vindeiro curso escolar 2012-2013.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.